

O BARCO



DE VAPOR

Os corvos do xardín

Aldous Huxley

Ilustracións de Pep Montserrat

smxerme



Había unha vez unha parella de corvos que
tiña o niño nun álamo de Pearblossom.




Nun burato debaixo da árbore, vivía unha serpe de crótalos que era moi vella e moi grande.

Cada vez que a serpe facía soar os seus crótalos, o ruído era tan forte que mesmo os rapaces da escola de Littlerock podían oílo.







Pasaba o día enteiro a durmir. Pero todas as tardes, ás tres e media, a serpe saía do seu burato arrastrándose e subía á árbore para botar unha ollada dentro do niño dos corvos.